



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 15 DE XULLO DE 2015

<p>ASISTENTES:</p> <p>Presidente: D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ</p> <p>CONCELLEIROS/AS: D. ANTONIO RODRÍGUEZ MEIZOSO D^a. MONTSERRAT HERMIDA MONTERO D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN D^a. LAURA PIÑEIRO MONTES D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO D. DAVID RODRÍGUEZ SANMARTIN D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY</p> <p>SECRETARIO: D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ</p>	<p>No Salón de Sesións desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, ás doce horas do día quince de xullo de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, réunense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do Secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.</p>
---	--

I.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 6 DE XULLO DE 2015. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión se desexan formulan algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data seis de xullo de dous mil quince.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión.

II.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 7/2015. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta da redacción do expediente de modificación de créditos número 7/2015 que ascende á cantidade de **5.285,00 €**, pola modalidade de suplemento de créditos con cargo a novos ingresos procedentes da aportación provincial en concepto da subvención da Rede Cultural 2015.

O expediente foi informado favorablemente na derradeira Comisión Informativa de Asuntos do Pleno realizada o día 9 de xullo de 2015.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que en realidade trátase dun trámite administrativo ós efectos de incorporar esta subvención o orzamento municipal do exercicio 2015, polo tanto remítase ó manifestado polo seu grupo na mencionada Comisión Informativa de Asuntos do Pleno.

Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy dise que a memoria da Alcaldía é moi pouco explicativa e polo tanto require o Sr. Alcalde-Presidente para que dé conta do destino da mencionada subvención.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que os grupos musicais subvencionados pola Deputación Provincial a través da Rede Cultural son para cubrir as actuacións na Festa do Requeixo e que se peticionan en base a criterios económicos e polo tipo de música axeitado a Festa. A Deputación Provincial subvenciona o 70% das actuacións e o Concello o 30%.

Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, dise que debería de haber xa unha planificación a hora de redactar os orzamentos municipais.

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que é imposible planificar cando se aproban os orzamentos xá que as convocatorias de subvencións son posteriores a aprobación dos mesmos.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos (8 votos a favor dos Sres./as. Concelleiros/as. dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e AIAC e unha abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto-PP) adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 7/2015, pola modalidade de suplemento de crédito con cargo a novos ingresos por importe de **5.285,00 €**, de acordo co seguinte cadro:

CAPÍTULO	CONSIGNACION INICIAL	XERACIÓN DE CRÉDITOS	SUPLEMENTO DE CRÉDITOS CON CARGO A NOVOS INGRESOS	TOTAL CONSIGNACION RESULTANTE
I Gastos de persoal	345.696,88€			345.696,88€
II Gastos en bens corrent.	584.889,32€		5.285,00€	590.174,32€
III Gastos financeiros	0,00€			0,00€
IV Transferenc. correntes	23.000,00€			23.000,00€
VI Investimentos reais	324.350,97€			324.350,97€
VII Transfer. de capital	0,00€			0,00€
VIII Activos financeiros	0,00€			0,00€
IX Pasivos financeiros	0,00€			0,00€
TOTAL	1.277.937,17€		5.285,00€	1.283.222,17€

2º.- Que se continúe coa tramitación do expediente, con exposición ó público no BOP e Taboleiro de Anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles, ós efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no BOP.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as doce horas e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,


Manuel Meizoso López

O secretario,


José Antonio Meizoso Paz